

*Quero ser
investigadora*

Universidade de Vigo

5

**Susana
Álvarez
González**

Edición

Unidade de Cultura Científica e
da Innovación da Universidade de Vigo

Dirección

Mónica Valderrama Santomé

Revisión lingüística

Área de Normalización Lingüística
Eva María Castro Figueiras
María Cristina Rodríguez Ricart

Impresión

Tórculo Artes Gráficas
Vigo, 2025

D.L

VG 291-2025

ISBN

978-84-1188-063-3

Autora das fotografías

Charo Lopes

© Universidade de Vigo

Coa colaboración da Fundación Española
para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT),
Ministerio de Ciencia, Innovación e
Universidades

Susana Álvarez González

A investigación xurídica é importante para entender e solucionar os problemas da sociedade actual.

O dereito axuda a organizar a convivencia e tamén serve para cambiar as cousas.

Para saber máis sobre isto, falamos con Susana Álvarez González, unha investigadora experta neste campo.

Ela escribiu moitos artigos e libros sobre dereitos fundamentais e tecnoloxía.

Hoxe cóntanos a súa historia, as súas motivacións e os retos do dereito no futuro.

A infancia de Susana

Susana naceu en Galicia
pero medrou entre dous lugares moi diferentes:
un pequeno pobo rural en Padrenda e
unha cidade en Suíza.

Isto fíxolle aprender a valorar culturas distintas
e a importancia do esforzo.

Desde pequena,
soubo que quería estudar Dereito,
porque lle interesaba a xustiza
e os dereitos das persoas.

A súa carreira como investigadora

Susana tivo a sorte de contar cunha gran mentora,
a profesora Ana Garriga, quen lle ensinou moito sobre
protección de datos e dereitos fundamentais.

Grazas ao traballo en equipo con outros investigadores,
puido participar en proxectos importantes.

Por que decidiu investigar sobre **Dereito**?

Sempre tivo curiosidade por entender mellor as leis e como se aplican na vida diaria.

O dereito axuda a manter a orde, protexer os dereitos das persoas e resolver conflitos de forma pacífica.

O impacto do seu traballo

As leis cambian coa sociedade.

Por iso, o dereito debe adaptarse a novos retos como a tecnoloxía ou o medio ambiente.

O seu traballo axuda a que as normas sexan xustas e eficaces.



Dereito

Conxunto de principios, normas, costumes e leis que nos axudan a vivir en sociedade.

Estas regras din o que podemos facer e o que non.

Tamén establecen os dereitos de cada persoa e como o goberno debe actuar para protexelos.

Como ve o papel das mulleres no dereito en Galicia?

As mulleres tardan máis en conseguir postos de responsabilidade e seguen sufrindo **prexuízos de xénero**.

Moitas veces teñen que demostrar constantemente a súa valía.

A situación mellorou, pero segue habendo máis homes en postos de mando.

Para cambiar isto, hai que traballar na igualdade de oportunidades.

Un reto do futuro no dereito

A regulación da intelixencia artificial.

É importante que o seu uso respecte os dereitos humanos.

Prexuízos

Idea negativa cara a un grupo ou persoa.

Por exemplo, por ser muller, raza ou polo país de orixe...



En que está a traballar agora?

Nun estudo sobre a intelixencia artificial e os dereitos humanos.

Os riscos da intelixencia artificial nos dereitos humanos

A intelixencia artificial pode vulnerar dereitos se non se regula ben.

Os principais perigos son:

- O control das persoas a través da tecnoloxía.
- Falta de transparencia nos algoritmos que toman decisións.
- Riscos de discriminación e perda de liberdades.

O dereito ten que actualizarse para protexer ás persoas destes riscos.

UniversidadeVigo

Unidade de Cultura Científica
e da Innovación (UCC+i)

Vicerreitoría de Comunicación
e Relacións Institucionais

Coa colaboración de:



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE CIENCIA, INNOVACIÓN
Y UNIVERSIDADES

